

DOCUMENTO XIV

TRAMITACIÓN AMBIENTAL

O presente documento forma parte do PROXECTO SECTORIAL PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. Devandito documento contén, en cumprimento do artigo 16º do PSOAEG: A documentación ambiental. O mesmo estrutúrase segundo o seguinte esquema:

ÍNDICE

1. TRAMITACIÓN AMBIENTAL	2
--------------------------------	---



1. TRAMITACIÓN AMBIENTAL


A continuación achégase a Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático polo que se formula o Informe Ambiental Estratéxico relativo ao Proxecto Sectorial para a ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<http://cmaot.xunta.gal>
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal



CONSORCIO ZONA
FRANCA DE VIGO

REGISTRO DE ENTRADA N.º:
E/18/0494
07/02/2018

Consortio Zona Franca de Vigo

Area Portuaria de Bouzas, s/n
36208 Vigo (Pontevedra)

AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. REMISIÓN DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Nome do plan: Proxecto sectorial para a ampliación do Parque tecnolóxico e loxístico de Vigo

Promotor: Consorcio Zona Franca de Vigo

Órgano substantivo: Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)

Expediente: 2017AAE2117

Código web: 2014/2017

Achégolle Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao Proxecto sectorial para a ampliación do Parque tecnolóxico e loxístico de Vigo, promovido polo Consorcio Zona Franca de Vigo.

Remítese tamén unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador do Proxecto e que corresponden aos seguintes organismos:

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
- Concello de Vigo

- Particular

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 05/02/2018 11:48:35

SAÍDA 1827 / RX 164029





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



galicia

RESOLUCIÓN DO 24 DE XANEIRO DE 2018 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PROXECTO SECTORIAL PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO

Promotor: Consorcio Zona Franca de Vigo

Órgano substantivo: Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)

Expediente: 2017AAE2117

Código web: 2014/2017

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O día 08.11.2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Instituto Galego da Vivenda e Solo no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Proxecto sectorial para ampliación do Parque tecnolóxico e loxístico de Vigo*, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.
2. O día 09.11.2017 esta Dirección Xeral iniciou, a través da súa sede electrónica, un período de consulta pública dos documentos recibidos, o cal finalizou o 17.01.2017. Ao mesmo tempo consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o réxime xurídico que regula a avaliación ambiental estratéxica de plans e programas. Na sección 2ª do capítulo I, do título II regula a tramitación do procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica.
2. O artigo 30.1 da Lei 21/2013 establece que o órgano ambiental, con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico, someterá o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico a consultas das administracións afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de 45 días hábiles desde a recepción da solicitude.
3. No artigo 31.2 da Lei 21/2013 establece que o órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no prazo de catro meses contados desde a recepción da solicitude de inicio, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios establecidos no seu anexo V. Neste informe determinarase se o plan ten efectos significativos no ambiente e, polo tanto, debe someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ou ben que non presenta efectos significativos, podendo aprobarse nos termos que o propio informe estableza.
4. O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaria pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.



CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do Proxecto sectorial

Ámbito de actuación: terreos lindeiros ao Parque tecnolóxico e loxístico de Vigo, comprendidos entre a vía de alta capacidade VG-20 e a Avenida Clara Campoamor, pertencentes ás parroquias de Beade e Valadares. Atópanse a uns 5 km ao suroeste do centro urbano de Vigo.



Ámbito da ampliación prevista

Superficie: 252.484 m².

Obxecto: ampliar o Parque tecnolóxico e loxístico de Vigo, a través da tramitación dun proxecto sectorial que desenvolva as previsións do *Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia* (PSOAEG).

Proposta: establécese unha **nova delimitación** partindo do ámbito recollido no PSOAEG para a ampliación do parque existente, denominado de Valadares (255.365 m²). Suprímese o ámbito previsto ao norte da VG-20 e os terreos situados ao sueste, para favorecer a configuración dun espazo continuo. Incorpora varias parcelas recollidas no plan parcial do parque tecnolóxico e loxístico de Vigo (parcela 18 equipamento privado e parcelas 24 e 32 de zonas verdes) que non foron desenvoltas.



Ampliación prevista no PSOAEG e proposta no Proxecto sectorial.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO


Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

gàlicia

O borrador achegado establece a seguinte **ordenación do ámbito**:

- **Parcelas 1 e 2 (Ordenanza 1ª):** uso principal comercial e industrial, cunha parcela mínima de 2.500 m², ocupación máxima do 70% e altura máxima das edificacións de 15 m.
- **Parcela 3 (Ordenanza 2ª):** uso principal servizos, cunha parcela mínima de 2.500 m², ocupación máxima do 50% e altura máxima de 10 m.
- **Zonas verdes:** usos compatibles co de zonas verdes e cos bens patrimoniais (muíños) existentes, dos cales se prevé a súa posta en valor. Inclúese a creación dunha senda peonil e de áreas estanciais en continuidade coas existentes no regato de Quintián, que atravesa a área industrial consolidada.
- **Servizos técnicos:** servizos necesarios para o funcionamento do parque desde o punto de vista das infraestruturas ou redes de servizos.



Ordenación proposta.

En canto aos **servizos** para atender á ampliación prevista, o Proxecto contempla a conexión do ámbito coas redes existentes no parque en funcionamento. Para o abastecemento de auga empregarase o depósito situado na zona noroeste do parque, mentres que as augas residuais serán conducidas ao colector de saneamento que discorre paralelo ao río Barxa, evitando a execución dunha nova estación depuradora. Para as augas pluviais aproveitarase a presenza de cursos naturais, sendo necesario realizar balsas de decantación previas ao vertido e encauzar a canle que decorre paralela á estrada VG-20. O documento ambiental estratéxico propón a adopción de medidas para favorecer a xestión das augas pluviais, como o uso de pavimentos permeables, a utilización de cubertas verdes en edificacións ou a reutilización da auga de chuva.

Respecto á enerxía, o ámbito abastecerase da subestación existente e realizarase a ampliación da rede de gas que transcorre paralela ao regato de Quintián. Así mesmo, proxéctase a ampliación da rede de telecomunicacións existente.

En relación coa mobilidade, as ordenanzas 1ª e 2ª esixen da realización dun estudo de mobilidade xerada pola actividade, así como o establecemento de medidas para fomentar a mobilidade sustentable e a ordenación das prazas de aparcamento.



2. Características ambientais da área probablemente afectada

O concello de Vigo, situado na zona sur da provincia de Pontevedra, é a cabeceira da súa comarca e conforma -xunto con Pontevedra- unha das dúas rexións urbanas de Galicia. Segundo datos de 2016 alberga unha poboación de 292.871 habitantes, sendo Vigo a cidade mais poboada de Galicia.

O **Parque tecnolóxico e loxístico** sitúase nunha zona periférica da cidade de Vigo, rodeado por grandes infraestruturas como a VG-20 -con conexión á autoestrada de Valmiñor (AG-57)- e a Avenida de Clara Campoamor, así como varios equipamentos (o propio parque empresarial, o hospital Álvaro Cunqueiro, ao norte da VG-20, ou o Campus Universitario, en dirección sur). Constitúe un dos emplacements empresariais mais importantes do sur de Galicia, que agrupa a máis de 70 empresas principalmente do sector de automoción, loxística e téxtil.

A **ampliación prevista** comprende os terreos enmarcados entre o citado parque empresarial, o viaducto da VG-20 e a Avda. Clara Campoamor, coñecida como vial da Universidade. Correspóndese con solo non urbanizable común e solo urbanizable non programado no PGOU do 93, vixente tras a anulación do PXOM de 2008.

O ámbito sitúase no **val do río Barxa**, cuxa topografía foi alterada coa execución das infraestruturas da contorna. Na zona sur atópanse as zonas mais altas, e as mais baixas ao norte, xunto ao nodo que conforma a VG-20 co vial da Universidade. O terreo descende desde o sueste cara o noroeste, cunha diferenza de cota duns 100 m. As pendentes, froito dos desmontes e terrapléns, son suaves nas zonas edificadas e abruptas nas insercións dunhas áreas con outras, aparecendo muros de contención de terras de gran altura.

No interior do ámbito atópanse varias **vivendas e parcelas con cultivos**, aínda que a maior parte está ocupado por matogueira e pequenas masas forestais dispersas de piñeiro e eucalipto. Destaca a presenza de **especies exóticas e invasoras** como a herba da Pampa (*Cortaderia selloana*), mimosa (*Acacia dealbata*) e cana (*Arundo donax*), ligadas ao carácter antropizado dos terreos.

O ámbito é atravesado polo regato de Quintián e o de Lavadoiro, tributarios do río Barxa. O río Barxa está cualificado no *Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa* como masa de auga superficial moi modificada. Así mesmo, no ámbito existen varias gabias para recollida das augas pluviais na contorna dos viarios. Non consta ningunha área con risco potencial significativo de inundación delimitada na cartografía oficial.

Segundo o *Catálogo das paisaxes de Galicia*, o ámbito atópase na comarca paisaxística de "Vigo Litoral", pertencente á grande área paisaxística das "Rías Baixas". Na contorna -a uns 1,6 km en dirección sueste- atópase a área de especial interese paisaxístico (AEIP) de "Monte Alba", na que se atopa o miradoiro Monte Cepudo, desde onde é visible o ámbito de actuación e a súa contorna. A documentación achegada valora a calidade visual da cunca do ámbito como media, pero non inclúe un estudo paisaxístico.

O ámbito **non afecta a ningún espazo natural protexido**, nin coincide con ningún hábitat de interese segundo a cartografía consultada.

En canto ao **patrimonio cultural**, no ámbito localízanse sete muíños hidráulicos e un hórreo, recollidos no Catálogo do PXOM de 2008. A proposta achegada integra os muíños dentro das zonas verdes previstas. Propón, ademais, o traslado do hórreo afectado e a súa integración dentro dos espazos libres.

Respecto da **accesibilidade**, a zona conta con boas comunicacións por estrada e, segundo indica a documentación, non se detectan problemas de conxestión por tráfico no ámbito. Así mesmo, existe un servizo de transporte (lanzadeira) do centro de Vigo ao parque, que dá servizo a uns 30 traballadores. A estrada VG-20, de titularidade estatal, conta cun mapa de ruído estratéxico.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Sinalar que a zona oeste do ámbito é atravesado por unha liña de alta tensión e por unha rede de gas. Ademais, o sector atópase dentro das servidumes aeronáuticas operacionais do aeroporto de Vigo.

3. Período de exposición pública e consultas previas

Recibiuse resposta da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, do Instituto de Estudos do Territorio, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, do Concello de Vigo e dun particular.

Deberán considerarse a totalidade destas observacións no proceso de elaboración da proposta, para o cal se lle remiten os textos íntegros recibidos. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Alude a que o *Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia* (PSOAG) recolle a actuación denominada "Parque tecnolóxico e loxístico de Valadares (Ampliación)", divida en tres sectores situados ao NE, NO e S do parque empresarial en funcionamento, incorporando as previsións do PXOM de Vigo de 2008, que consideraba estes terreos como solo urbanizable de uso industrial.

O proxecto sectorial achegado responde á imposibilidade de promover este desenvolvemento debido á anulación do citado PXOM, e propón a súa redelimitación amparándose nas determinacións do PSOAG, establecendo un sector de 252.484 m² ao norte do parque existente.

Desde o punto de vista da ordenación territorial, esta Dirección Xeral considera idónea a integración nunha única bolsa de solo para a ampliación do parque, o que redundará nunha menor fragmentación do territorio e unha maior racionalidade das infraestruturas urbanas necesarias. Porén, o reaxuste efectuado vai máis alá do que posibilita o artigo 5.3 do PSOAG, que establece que este debe afectar como máximo ao 10 % da superficie inicialmente delimitada, é dicir, a un máximo de 25.536,5 m². As superficies excluídas da delimitación (65.114 m²), así como as incorporadas (62.233 m²), superan este valor máximo. Neste sentido, considera incorrecta a xustificación contida no borrador de que a variación da superficie total do ámbito non excede o 10%, sendo necesario que na superposición de ambas delimitacións, o 90% da delimitación manteña a grafada no PSOAG. Por conseguinte, entende que o reaxuste formulado require dunha modificación do PSOAG, segundo o artigo 14 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Instituto de Estudos do Territorio

Indica que o ámbito presenta un relevo alterado, cuberto por toxeira e por especies arbóreas de repoboación, e está atravesado por un pequeno curso de agua que conta cunha serie de muíños catalogados. O sector ofrece unha alta visibilidade desde a autoestrada.

Considera que o feito de concentrar toda a ampliación ao sur da autoestrada axudará a mitigar o impacto sobre a paisaxe de intervención. Tamén contribúe á súa integración o perímetro verde e a continuidade, ao longo dos elementos catalogados, da senda peonil existente no parque de Valadares. O borrador contempla unha serie de normas edificatorias que contribuirán á integración paisaxística da actuación, en especial o tratamento das cubertas e a esixencia dun estudo detallado das 5 fachadas que cada unha das parcelas vai xerar. Por outra banda, o DAE inclúe algunha medida de verificación do cumprimento das normas de integración paisaxística.

No obstante, recoméndase ter en conta tamén unha serie de medidas relacionadas coa adecuación dos viarios, materiais a empregar, iluminación pública ou elementos e rótulos publicitarios.



Tendo en conta o exposto, considera que -se ben a ampliación xerará un impacto visual- este resultará reducido pola propia delimitación e disposición do parque, polas condicións da edificación que se contemplan no borrador e pola aplicación das suxestións expresadas no informe.

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Require da identificación de todos os bens do patrimonio cultural existentes no ámbito de actuación, en coherencia coa determinación 9.3 das DOT, para o que é necesario realizar o correspondente traballo de campo.

Sinala que deberá valorarse o réxime de protección do hórreo recollido no PXOM, de acordo coa Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG). No caso de tratarse dun BIC, non se poderá proceder ao seu desprazamento agás que resulte imprescindible por causas xustificadas, despois dun informe favorable. Terase en conta que o ben protexido está constituído polo propio ben e os elementos sen os cales quedaría descontextualizado, que conforman o contorno de protección, tendo en conta o sinalado na LPCG.

Sinala que os instrumentos de planeamento conterán un catálogo no que se prevexan as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural de ditos bens, cuxo contido ven especificado na LPCG e no seu regulamento. Ditos bens integrarán o patrimonio de Galicia.

Concello de Vigo

Achega informe do departamento de Planeamento e xestión, ao que se xuntan os informes emitidos polos departamentos de Seguridade e mobilidade, Patrimonio histórico e Urbanización e infraestruturas. Nas conclusións alude aos seguintes aspectos:

En relación ás alternativas de ordenación, sinala que se axustan ás previsións do PSOAEG en canto exclúen zonas previstas neste para a ampliación do Parque tecnolóxico e loxístico de Vigo, e se inclúen outras do parque xa executado. Require a incorporación na cartografía da totalidade da rede hídrica coa súa toponimia, así como a localización dos bens patrimoniais.

Alude ás deficiencias do documento ambiental estratéxico, en canto ao inventario da vexetación e fauna, dos bens materiais, usos do solo e poboación residente.

Respecto da proposta, considera que non se xustifican as exclusións das zonas previstas no PSOAEG para ampliación do parque da zona norte e sur. Así mesmo, a modificación da ordenación do plan parcial vixente afecta a unha parcela de uso dotacional privado e varias parcelas de zonas verdes, entre a que se inclúe unha de titularidade municipal cedida para dominio e uso público. Tamén suprime un tramo de vial de conexión da estrada da Venda, xerando unha gran supermazá (parcela 1), sen valorar os posibles impactos desta ordenación.

Considera que o Proxecto deberá contar cun estudo da incidencia territorial, estudo de tráfico e mobilidade, considerando a incidencia da localización do novo hospital, necesidades de aparcamento, estados das dotacións públicas e servizos demandados pola poboación do contorno.

Require da consideración das recomendacións formuladas polos servizos técnicos municipais en canto á mellora das conexións viarias do parque coa VG-20 e a estrada Clara Campoamor, á localización dos bens catalogados, á rede de sumidoiros de augas fecais e as anchuras dos novos viarios proxectados.

Considera que, desde o punto de vista do planeamento urbanístico e de ordenación territorial, o pretendido "reaxuste" na delimitación da ampliación non se pode considerar como tal, senón unha verdadeira modificación substancial das previsións do PSOAEG. Así mesmo, as consecuencias da modificación do ámbito deixarían as zonas excluídas nunha situación urbanística complexa, e que





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

debería tramitarse unha Modificación do PSOAEG, de xeito similar a como se está facendo por parte do IGVS na Modificación puntual nº 1.

Particular:

Expón que a súa vivenda é lindeira ao ámbito da futura ampliación do parque tecnolóxico e loxístico. Solicita que a actuación recolla a canalización das augas dos regatos mananciais e pluviais da zona, co fin de evitar o seu estancamento e o posible asolagamento das parcelas lindeiras.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Analizada a documentación remitida, as características do ámbito afectado e as respostas ás consultas realizadas, fanse as seguintes consideracións:

O Proxecto sectorial ten por obxecto encadrar dentro da ordenación actual do concello de Vigo a actuación prevista no PSOAEG, que contempla a ampliación do parque tecnolóxico e loxístico en funcionamento, modificando o ámbito proposto.

Establece o marco para a futura autorización de proxectos e das actividades permitidas no ámbito delimitado, de acordo aos usos establecidos na ordenación prevista.

A área de actuación proposta leva consigo un aproveitamento mais eficiente do solo e unha maior racionalidade no establecemento das infraestruturas urbanas necesarias. Tendo en conta que o ámbito se insire nunha área fortemente antropizada, en continuidade cunha área empresarial existente, os efectos no consumo de solo e na paisaxe non se consideran significativos. No entanto, a urbanización do solo pode contribuír á dispersión de especies exóticas e invasoras se non se toman as medidas adecuadas.

En canto á mobilidade, a ampliación do parque existente suporá un incremento de tráfico na zona, se ben a proposta contempla a integración de medidas de mobilidade sustentable.

Respecto ao patrimonio cultural, a través do Proxecto preténdense poñer en valor os elementos etnográficos catalogados mediante a súa inclusión dentro das zonas verdes.

Por outra banda, aínda que o novo desenvolvemento leva consigo a demanda de recursos, segundo indica a documentación os servizos existentes teñen capacidade suficiente para atender estas novas demandas. Respecto dos posibles efectos sobre as emisións ao medio, tendo en conta que parte do solo será destinado a usos comerciais, non se consideran relevantes sempre e cando se adopten as medidas de prevención adecuadas en cumprimento da normativa, e non se vexan afectadas as vivendas existentes na contorna.

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados do desenvolvemento do Proxecto sectorial, se ben para acadar unha integración axeitada do ámbito industrial coa contorna, ademais das medidas recollidas no documento ambiental achegado, deberán terse en conta as determinacións que se establecen neste informe.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o *Proxecto sectorial para a ampliación do Parque tecnolóxico e loxístico de Vigo*, ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente. No entanto, para favorecer a sustentabilidade da proposta, establécense as seguintes **determinacións:**



- Con respecto ao acondicionamento dos terreos, promoverase a utilización de especies autóctonas e evitarase a propagación de especies exóticas invasoras. Neste sentido, a normativa recollerá a obriga de que nas actuacións que impliquen movementos de terra e eliminación de vexetación, verificarase previamente a presenza de especies exóticas e invasoras, establecendo as medidas para a súa erradicación e control.
- Favorecerase a integración paisaxística das actuacións previstas e usos existentes, atendendo ás medidas propostas polo Instituto de Estudos do Territorio.
- Levarase a cabo unha prospección do ámbito para determinar a posible presenza doutros bens de interese e establecer as adecuadas cautelas de protección, de acordo ao sinalado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Deberá valorarse o réxime de protección do hórreo recollido no PXOM que se pretende trasladar.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Margarita Segade Castro

Conforme:

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón



RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Proxecto sectorial para a ampliación do Parque tecnolóxico e loxístico de Vigo**. Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais, integrárase no planeamento as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal); remitirase ao promotor e ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación do Proxecto sectorial.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase o Proxecto sectorial no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do Proxecto sectorial.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa



Informe ambiental estratéxico: Proxecto sectorial para ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo
Expediente: 2017AAE2117

páxina 8 de 8

